



3. MOCIDADE EN NÚMEROS

DATOS XERAIS

Galicia conta con 448 339 mozos e mozas con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, o que representa o 16,21 % da poboación en Galicia.




Gráfico 1: Número de mozos/as.
Fonte: IGE-INE (2013).

Distribución por provincias

A poboación moza en Galicia distribuíuse da seguinte maneira tendo en conta a provincia na que vive. Así na provincia da Coruña é onde mais mozos e mozas viven representando o 40,47% do total da poboación moza en Galicia, seguido da provincia de Pontevedra co 36,65% da xente moza e Lugo e Ourense teñen respectivamente un 11,87% e 11,02%..




Gráfico 2: Distribución da poboación moza por provincias.
Fonte: IGE-INE (2013).

En comparación a poboación maior de 65 anos, observamos que hai un envellecemento da poboación xa que esta representa o 23,14 % da poboación de Galicia, con case sete puntos por riba da poboación moza.

Por outra banda, se analizamos a porcentaxe de xente moza que hai en cada provincia en relación a poboación total de cada unha delas, observamos que a provincia que conta cun maior número de mozos e mozas é Pontevedra con algo mais do 17% da poboación, seguido da provincia de A Coruña onde a mocidade representa o 15,94% da poboación. Mentres que as provincias de Lugo e Ourense sitúanse ao outro extremo co 15,38% e o 15,12% respectivamente.




Gráfico 3: Distribución da poboación moza en relación á poboación total de cada provincia. Fonte: IGE-INE (2013)



Proxección da poboación

Se temos en conta o período de vixencia do Plan (2014-2016) observamos que a proxección de poboación moza diminúe ata acadar 405 476 mozos e mozas no 2016, o que representa o 14,89 % da poboación en Galicia. Polo que, en tres anos a poboación moza diminúe case un punto por cento en relación a poboación total.

Por outra banda, a poboación maior de 65 anos aumenta ata os 659 156 representando o 24,21 % da poboación galega, acadando case nove puntos por cento por riba da poboación moza.




Gráfico 4: Proxección da poboación a curto prazo.
Fonte: IGE (2013).




Gráfico 5: Proxección, en termos de porcentaxe, da poboación a corto prazo
Fonte: IGE (2013).

EDUCACIÓN

Educación secundaria, bacharelato e formación profesional.

Segundo datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria hai 40 770 mozos e mozas matriculados no segundo ciclo de educación secundaria para o curso académico 2013-2014 e 30 854 mozos e mozas no bacharelato.

Se temos en conta os datos dos ciclos formativos, atopamos que en ciclos de grao medio hai matriculados/as 16 953 mozos e mozas e 17 802 en ciclos de grao superior. Mentres que, 4 756 mozos e mozas están en programas de cualificación profesional inicial.





Gráfico 6: Persoas matriculadas por niveis de ensino non universitaria curso 2013-2014.
 Fonte: Informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Setembro 2013
 (Datos estadísticos provisionais para o curso 2013-2014).

En canto ao número de centros cos que conta a Comunidade Autónoma para impartir ensinanzas non universitarias observamos que o número de centros nos que se imparten ensinanzas secundarias e ensinanzas postobrigatorias é 213, 172 centros onde se imparten ensinanzas primarias e da ESO, 96 centros onde se imparten ensinanzas postobrigatorias, 66 onde se imparten todo tipo de ensinanzas non universitarias e 40 onde se imparten ensinanzas secundarias.



* Cada centro contabilizouse unha soa vez. As ensinanzas postobrigatorias comprenden o bacharelato, os ciclos formativos e a oferta modular de ciclos formativos de adultos. Os centros que, ademais de ensinanzas ordinarias de réxime xeral, imparten ensinanzas de adultos, clasifícanse tendo en conta exclusivamente as ensinanzas ordinarias. En educación primaria e ESO e educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias están incluídos os centros que, ademais, das ensinanzas especificadas, imparten o segundo ciclo de educación infantil.

Gráfico 7: Centros docentes de ensinanzas non universitarias.
 Fonte: Informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Setembro 2013
 (Datos estatísticos provisionais para o curso 2013-2014).

En canto a formación universitaria o número de persoas matriculadas foi de 62 130 no curso académico 2012-2013, que se distribúen da seguinte maneira tendo en conta a universidade onde realizan os seus estudos. No Universidade de Santiago de Compostela están matriculados 23 797 mozos e mozas, na Universidade de A Coruña 19 667 e no de Vigo 18 666.




Gráfico 8. Alumnos matriculados por Universidades no curso 2012/2013. Fonte: IGE (ano 2013).
 Datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Educación universitaria.

En función do tipo de estudo universitario case a metade das persoas universitarias están matriculadas en carreiras relacionada coas ciencias sociais e xurídicas (27 730) seguido das enxeñerías e arquitecturas con 16 921 de persoas matriculas. Por outra banda as carreiras con menos xente matriculada son as artes e humanidades e as ciencias con 4 745 e 4 236 respectivamente.




Gráfico 9: Estudantes matriculados nas universidades galegas segundo rama de coñecemento no curso 2012/2013. Fonte: IGE (ano 2013). Datos facilitados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.



XUNTA DE GALICIA

No que se refire a formación non regrada o número de mozos/as que participaron nun obradoiro de emprego, segundo o IGE (2010) e baseándose en datos da Consellería de Traballo e Benestar, foron 414 participaron en escolas obradoiros e casas de oficios e 606 participaron en obradoiros de Emprego.




Gráfico 10: Número de mozos e mozas matriculados en formación non regrada.
Fonte: IGE (ano 2010). Datos facilitados pola Consellería de Traballo e Benestar.



EMPREGO

Desemprego

O número de persoas desempregadas menores de 30 anos foi de 43 446 persoas en decembro de 2013, o que representa o 16,3 % da poboación parada en Galicia.




Gráfico 11: Parados/as menores de 30 anos.
Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa (Decembro 2013).

Se analizamos o número de persoas mozas menores de 30 anos que tiveron un traballo anteriormente, observamos que entre os mozos e mozas menores de 19 anos 1 200 tiveron anteriormente un traballo, mentres que os mozos e mozas de 25 a 29 anos serían 35 800 os que traballaron con anteriormente.




Gráfico 12: Parados/as menores de 30 anos que tiveron un traballo anterior.
Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).



29% homes desempregados de 25-34 e 27% mulleres menores de entre 25 e 34 anos non cursan ningún tipo de estudio, fronte 6% homes ou mulleres entre 25 e 34 anos cursan estudos mentres están en situación de desemprego.




Gráfico 13: Parados/as menores de 34 anos que cursan ou non cursan estudos.

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).

Dentro dos mozos e mozas parados que traballaron anteriormente, observamos que 24% mozos menores de 24 anos levan mais dun ano en situación de desemprego, seguido de 16% mozos que levan entre 6 e 12 meses. Mentres que no caso das mozas menores de 24 anos detectase que 17% levan mais de 1 ano sen emprego e 9% mozas levan entre 6 a 12 meses.




Gráfico 14: Parados/as menores de 24 anos que traballaron anteriormente por tempo dende que deixaron o último emprego. Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).

Mozos e mozas ocupados

O número de persoas mozas menores de 30 anos ocupada situase en 133 400 persoas, que se distribúen da seguinte maneira en función da idade e do sexo:




Gráfico 15: Número de xente nova ocupada menor de 30 anos.
Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).

Se temos en conta o sector de actividade observamos que o maior número de xente moza ocupada situase no sector servizos, acadando case o 75% de ocupación en relación a o resto de ocupacións. Pola contra, o sector da pesca e acuicultura é onde menos xente moza atopamos (1,03%).




Gráfico 16: Número de xente moza menor de 34 anos ocupada segundo sector de actividade.
Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).

En relación ao nivel de estudos, observamos que a gran maioría de persoas ocupadas teñen una Educación Superior co 42% dos mozos e mozas ocupados, mentres que o 3% so teñen estudos primarios.




Gráfico 17: Número de xente moza menor de 34 anos ocupada segundo nivel de estudos.
Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa. (3º trimestre 2013).

Segundo o informe elaborado no primeiro trimestre do 2013 polo Observatorio Xoven de Vivenda en España case a metade dos mozos e mozas ocupados teñen un contrato temporal eventual (45,20%), seguido de contratos por obra ou servizo (33,81%).




Gráfico 18: Porcentaxe de xente moza que traballa e tipo de contrato.
Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (1º trimestre 2013).



EMANCIPACIÓN

A poboación moza emancipada no terceiro trimestre do 2013 en Galicia situase en 82.666 mozos e mozas, acadando unha taxa de emancipación dun 23 %. Se analizamos segundo rangos de idades, observamos que a mocidade comeza a súa emancipación a partir dos 25 anos, xa que antes dos 24 anos so atopamos 15 928 mozos e mozas emancipados/as.




Gráfico 19: Poboación moza emancipada por rangos de idade.
Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (3^{er} trimestre 2013).

Se analizamos a emancipación en función do sexo, observamos que a emancipación é maior entre as mozas (49 624) que entre os mozos (33 042).




Gráfico 20: Poboación moza emancipada por sexo.
Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (3^{er} trimestre 2013).



Salario medio

Á hora de analizar o salario medio da mocidade galega segundo estea emancipada ou non, existe unha diferenza de aproximadamente 1 500 euros anuais a favor dos mozos e mozas que están emancipados..

Se temos en conta os tramos de idade, observamos que os/as mozos/as maiores de 25 anos obteñen mais salario medio anual (13 220,23 € no caso dos mozos e mozas emancipados e 12 503,25 € no caso dos mozos e mozas non emancipados) que os mozos de 16 a 24 anos (10 828,00 € no caso dos mozos e mozas emancipados e 10 071,44€ no caso dos mozos e mozas non emancipados), acadando unha diferenza de case 2 400,00 € a favor dos mozos e mozas de mais de 25 anos. Tamen observamos que entre os mozos e mozas emancipados e non emancipados existe unha diferenza de aproximadamente 700 € a favor dos mozos que están emancipados.





Gráfico 21: Salario medio anual da mocidade galega emancipada por tramos de idade.

Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (1^{er} trimestre 2013).

Gráfico 22: Salario medio anual da mocidade galega non emancipada por tramos de idade.

Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (3^{er} trimestre 2013)





En función do sexo, a diferenza de salario medio anual entre mozos e mozas situase ao redor dos 1 400 € a favor dos mozos, xa que estes últimos teñen un salario medio anual de 13 672,15 € (mozos emancipados) e 11 868,23 € (mozos non emancipados), mentres que no caso das mozas o salario situase nos 12 140,59 € (mozas emancipadas) e 10 738,28 €(mozas non emancipadas). Neste caso, sí que observamos unha diferenza entre os mozos e mozas que están emancipados e os que non, xa que os mozos e mozas emancipados teñen un salario medio anual case 2 000 € superior que os non emancipados.





Gráfico 23: Salario medio anual da mocidade galega emancipada segundo sexo. Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (1^{er} trimestre 2013).

Gráfico 24: Salario medio anual da mocidade galega non emancipada segundo sexo. Fonte: Observatorio Xoven de Vivenda en España (1^{er} trimestre 2013).





Segundo se extrae do informe Xuventude Galega 2010, o porcentaxe de mozos e mozas que viven exclusivamente dos seus ingresos situase no 20,75%, mentres que o 38,83% vive exclusivamente dos ingresos doutras persoas. En función da idade observamos, que os mozos e mozas con maior idade acadan un maior nivel de independencia (o 35,82% dos/as mozos/as de máis de 25 anos viven exclusivamente dos seus ingresos fronte o 3,69% de mozos e mozas de idades comprendidas entre os 15 a 19 anos).

Tamén se observa unha desigualdade en relación ao xénero, xa que o 24,96% dos mozos ten unha independencia económica fronte o 16,96% das mozas, mentres que o 41,08% das mozas vive exclusivamente de ingresos doutras persoas fronte o 36,05% dos mozos.

Gráfico 25:
Independencia/dependencia económica segundo rangos de idade.
Fonte: Informe Xuventude 2010





Gráfico 26: Independencia/dependencia económica segundo sexo.
Fonte: Informe Xuventude 2010



LE CER E TEMPO LIBRE

Segundo un estudo realizado da mocidade galega no 2010, os mozos e mozas dedican de media 21,8 horas semanais ao tempo libre e lecer. Non existen grandes diferenzas en función das franxas de idades, xa que os mozos e mozas que mais tempo dedican ao tempo libre son os que teñen idades comprendidas entre os 20 e 24 anos con case 23 horas e pola contra os que menos serían os mozos e mozas con idades comprendidas entre os 25 e 29 anos con case 21 horas semanais.




Gráfico 27: Número de horas dedicadas ao lecer e ao tempo libre.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

O tipo de actividade a que dedican o seu tempo libre a mocidade galega e a saír ou reunirse coas amizades, seguido de empregar o ordenador sen atopar grandes diferenzas en función do sexo ou da idade. Por outra banda as actividades que menos practica a mocidade é a colaborar cunha ONG ou asociación relixiosa e asistir a conferencias, coloquios...

Se temos en conta a variable sexo, observamos que as diferenzas mais grandes as atopamos nas actividades de facer deporte ou asistir a competicións deportivas, onde son máis os mozos os que realizan este tipo de actividade (72,8% en mozos fronte 38,1% en mozas) e na actividade de saír de copas ou discotecas tamén é superior o número de mozos (74,4%) fronte as mozas (59,5%).

En función da franxa de idade é maior o número de mozos e mozas con idades comprendidas entre os 20 e 24 anos (79,1%) fronte ao 59,7% de mozos e mozas entre os 15 a 19 anos, así como na actividade de conferencias, coloquios... na os mozos e mozas de 25 a 29 anos acada nun 21,3% fronte ao 12,5% de mozos e mozas de 15 a 19 anos.

	Sexo		Idade		
	Mozo	Moza	15 a 19 anos	20 a 24 anos	25 a 29 anos
Facer deporte ou asistir a competicións deportivas	72,8%	38,1%	58,2%	52,8%	55,1%
Viaxar ou saír de excursión	44,8%	52,7%	40,9%	46,2%	56,3%
Saír ou reunirse coas amizades	95,4%	96,1%	96,0%	97,7%	94,0%
Ir ao cine ou ao teatro	50,6%	66,9%	57,8%	62,2%	56,9%
Empregar o ordenador	92,5%	88,7%	92,3%	91,6%	88,6%
Sair de copas ou discotecas	74,4%	69,6%	59,7%	79,1%	74,3%
Ir a concertos	46,0%	44,4%	38,8%	46,7%	48,2%
Escoitar música	90,5%	89,9%	94,8%	90,6%	86,7%
Ir a museos, exposicións...	17,8%	25,4%	17,5%	21,2%	24,8%
Asistir a conferencias, coloquios...	16,1%	21,3%	12,6%	20,7%	21,3%
Xogar con videoxogos, consolas...	59,1%	22,9%	49,8%	38,8%	36,0%
Colaborar cunha ONG ou asociación relixiosa	11,9%	14,6%	14,8%	12,0%	13,3%

Tabla 1: Actividades de tempo libre que practica a mocidade segundo sexo e idade.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

A mocidade galega inverte a maioría dos cartos destinados ao lecer á saír (47,75%) e ir de compras (25,58%), pola contra a informática (3,50%) e a música (4,17%) son as actividades que menos cartos destinan.




Gráfico 28: Emprego dos cartos destinados a lecer e tempo libre.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Número de horas que a mocidade dedica a ver a televisión e escoitar a radio.

Das 22 horas semanais que os mozos e mozas dedican ao tempo libre, 11 dedícanas a ver a televisión e 6 a escoitar a radio. Non se atopan diferenzas entre mozos e mozas, sen embargo en función da idade si que atopamos diferenzas no número de horas que dedican os mozos e mozas de 15 a 19 anos (case catro horas semanais) e os mozos de 25 a 29 anos (7 horas).

Gráfico 29: Número de horas que a mocidade lle dedica a ver a televisión ou escoitara radio segundo o sexo. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).





Gráfico 30: Número de horas que a mocidade lle dedica a ver a televisión ou escoitara radio segundo a idade. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Frecuencia coa que se le un xornal ou outro tipo de publicación.

O 51,3% dos mozos len a diario algún tipo de xornal fronte ao 32,10% das mozas. Se temos en conta os rangos de idade, o 53% dos mozos e mozas de 25 a 29 anos len a diario algún tipo de xornal fronte o 23% dos mozos e mozas de 15 a 19 anos.

Gráfico 31: Frecuencia coa que a mocidade le un xornal segundo sexo. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).





Gráfico 32: Frecuencia coa que a mocidade le un xornal segundo idade. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).



CONDUCTAS DE RISCO

Consumo de tabaco e outras sustancias nocivas.

Mais da metade dos/as mozos/as galegos/as nunca fumaron e un 26,20% fuma diariamente.




Gráfico 33: Consumo de tabaco. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Segundo o informe Xuventude Galega do 2010, o 21% dos/as mozos/as consumiu algunha vez cannabis e o 7,50% outro tipo de drogas diferentes ao cannabis.




Gráfico 34: Consumo de cannabis ou outro tipo de sustancias. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Actividades preventivas.

O 41,2% dos mozos e mozas galegas participaron nalgunha actividade preventiva sobre o tabaco, o abuso do alcohol ou consumo de drogas, mentres que un 27,30% afirma que nunca participou en ningunha actividade de este tipo.




Gráfico 35: Participación de condutas preventivas. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Saúde sexual

A maioría dos/as mozos e mozas mantiveron relacións sexuais completas (88,30%), pola contra un 9,20% dos/as mozos e mozas non tiveron ningún tipo de relación sexual. A idade na que a mocidade tivo a primeira relación sexual situase aos 17 anos.




Gráfico 36: Percentaxe de xente nova que tipo relacións sexuais. Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Na primeira relación sexual, a maioría dos/as mozos/as empregaron algún tipo de método anticonceptivo (92,80%), sendo o preservativo ou o condón o método mais empregado (90,3%)





Gráfico 37: Emprego de métodos anticonceptivos e tipo de método.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

PARTICIPACIÓN SOCIAL

Os/as mozos e mozas galegos non teñen gran interese pola política, xa que case un 70% deles non está interesado ou ten pouco interese. Así como, o pouco interese que hai polo asociacionismo e por colaborar con asociacións, agrupacións e organizacións.

Segundo o informe Xuventude Galega 2010, un 11,7% dos/as mozos/as colaboran con algunha asociación, grupo deportivo ou club de fútbol profesional seguido dun 8,9% de mozos e mozas que colaboran con algunha organización non gubernamental.

Gráfico 38: Interese pola política.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).






Gráfico 39: Colaboración con algunha asociación, agrupación, organización...
Fonte: Informe Xuventude Galega

USO DA LINGUA

A lingua mais usada en todos os eidos pola mocidade galega é o castelán. Os ámbitos onde mais se fala o galego son no ámbito doméstico (44,8%) e á hora de falar coa parella (35,2%).




Gráfico 40: Uso da lingua pola mocidade galega.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

NOVAS TECNOLOXÍAS

Maioritariamente o uso que lle da a mocidade ás novas tecnoloxías é para envío de correos electrónicos (un 84,6% o empregan diariamente ou habitualmente), buscar información e documentación (un 80,1% o empregan diariamente ou habitualmente) e para relacionarse con outras persoas (un 77,0% o empregan diariamente ou habitualmente).




Gráfico 41: Uso das novas tecnoloxías pola mocidade galega.
Fonte: Informe Xuventude Galega (2010).

Tendo en conta os datos anteriormente expostos, destacamos a seguinte información en relación á mocidade galega como punto de inicio e referencia á hora de programar e por en marcha as diferentes medidas enmarcadas neste Plan:

- O 16,21 % da poboación galega é xente moza con idades comprendidas entre os 14 e 30 anos, a provincia cun maior porcentaxe de xente moza é Pontevedra (17,20 %) seguida de A Coruña (15,94%).
- As provincias cun maior número de mozos son A Coruña (40,47%) e Pontevedra (36,65%).



XUNTA DE GALICIA

- Durante o período de vixencia do Plan, a tendencia é que o número de mozos/as descenda, representando no 2 016 o 14,89% da poboación galega, producíndose un maior envellecemento da poboación.
- No eido educativo, 111 135 mozos e mozas están matriculados en ensinanzas non universitarias (educación secundaria, bacharelato e formación profesional) distribuídos en 587 centros educativos.
- 62.130 mozos e mozas están matriculados en formación universitaria nalgunha das universidades galegas (Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de A Coruña e Universidade de Vigo).
- Se temos en conta a formación non regrada, 1 020 mozos e mozas participan en escolas obradoiro e casas de oficio.
- En relación á área de emprego, o número de mozos e mozas que se atopan en situación de desemprego é de 43 446 (segundo datos de decembro de 2013), dos cales 35 800 tiveron un traballo con anterioridade.
- Aproximadamente o 75% dos mozos e mozas que están en situación de desemprego en Galicia non cursa ningún tipo de estudo.
- Entre os mozos e mozas que traballaron con anterioridade observamos que un 41 % leva máis dun ano na busca de un emprego.
- 133 400 mozos e mozas teñen un emprego, sendo maior o número de ocupados no tramo de idade que vai dos 25 aos 29 anos.
- No sector onde máis mozos e mozas está ocupado é no sector servizos cun 75% de mozos e mozas contratados/as.
- O 41% dos mozos e mozas que están ocupados teñen estudos superiores.
- A maioría dos contratos correspondentes a xente moza son temporais eventuais (46,20 %) ou por obra ou servizo (33,81%).



XUNTA DE GALICIA

- A taxa de emancipación xuvenil situase (no terceiro trimestre do 2013) no 23% con 80 624 mozos e mozas emancipados.
- A mocidade galega adica a maioría do seu tempo libre a saír e reunirse coas amizades, destinando case a metade dos seus ingresos a esta actividade.
- Aproximadamente o 40% dos mozos e mozas galegos leen a diario algún tipo de xornal, existindo diferencias tanto no en razón de sexo como de idade. Son mais o número de mozos (53%) que leen o xornal a diario e canto mais idade se ten maior e a frecuencia de lectura.
- Mais da metade dos mozos e mozas nunha fumaron, sendo unha porcentaxe moi similar a que participou algunha vez nalgunha actividade preventiva.
- O 88,30 % dos mozos e mozas galegos/as tiveron relacións sexuais completas, sendo a idade media de inicio os 17 anos.
- Mais do 90% dos mozos e mozas empregou algún método anticonceptivo na súa primeira relación sexual, sendo o preservativo o método mais empregado.
- Case un 70% dos mozos e mozas non está interesado ou pouco interesado na política e so un 20% pertence ou colabora con algunha asociación.
- En todos os eidos a lingua mais usada pola mocidade é o castelán, sendo no ámbito doméstico e á hora de falar coa parella onde mais empregan o galego.
- O uso que lle dan maioritariamente os mozos e mozas ás novas tecnoloxías é para o envío de correos electrónicos, busca de información e para relacionarse con outras persoas.